

Campionato Provincial por Equipos de Tenis de Mesa Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete Ferrol, 16 de maio de 2015

NORMATIVA

O 16 de maio de 2015 terá lugar no Pavillón de Ceip San Xoan de Filgueira, sito na rúa Campo de Chao, s/nº. Ferrol, o **Campionato Provincial por Equipos Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete de Tenis de Mesa**, masculino/mixto e feminino, dos "Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar", organizado polo Servizo de Deporte da Coruña en colaboración coa Federación Galega de Tenis de Mesa.

1. PARTICIPANTES E INSCRICIÓN S

Participarán un máximo de 8 equipos que se clasificaron nas fases Intercomarcais das Zonas de Coruña, Ferrol, Santiago e Noia, das seguintes categorías: **Benxamín** mixta (nados nos anos 2006/2005), **Alevín** feminina e masculina (nados nos anos 2004/2003), **Infantil** feminina e masculina (nados nos anos 2002/2001) e **Cadete** feminina e masculina (nados nos anos 2000/1999). Os equipos estarán formados por un mínimo de 2 e un máximo de 5 xogadores/as.

O Cadro de equipos clasificados de cada zona é o seguinte:

Categoría	Coruña	Ferrol	Noia	Santiago	Total
Benxamín mixto	2	2	3	1	8
Alevín fem.	1	2	3	0	6
Alevín masc.	2	2	3	1	8
Infantil fem.	1	2	4	1	8
Infantil masc.	3	1	3	1	8
Cadete fem.	1	2	4	1	8
Cadete masc.	3	2	2	1	8

As inscricións realizaranse utilizando a folla que se achega con esta normativa e deberá enviarse ao Servizo Provincial de Deporte da Coruña deportes.coruna@xunta.es, e ao Coordinador da Competición Deportiva en Idade Escolar da Federación Galega de Tenis de Mesa por correo electrónico: sanxoantm@gmail.com, **antes das 12:00 horas do mércores 13 de maio de 2015.**

Os participantes deberán presentar aos xuíces da proba a *Folla de inscrición do Campionato Provincial* e o *Certificado de inscrición da Competición deportiva en idade escolar* que facilita o programa informático na páxina de Internet www.deporteescolargalego.com, no que consta o nº de identificador dos deportistas, adestradores/as e delegados/as.

O programa permite subir á páxina a foto do deportista, co cal queda correctamente acreditado para calquera competición de Xogade. Na fase provincial, **será o xeito oficial de acreditación**, así que é preciso subir as fotos para imprimir as fichas dos participantes, será válido tamén o DNI ou ficha federativa no caso de tela.

2. HORARIO e DATA

O campionato desenvolverase o sábado 16/05/2015, en xornada de mañá e tarde, comezando ás 10:00. Ao remate da xornada de mañá haberá unha pausa para xantar, para comezar a xornada de tarde á hora que estime o Xuíz-Arbitro, segundo o desenrolo do Campionato.

3. LUGAR CAMPIONATO

CEIP San Xoan de Filgueira

Rúa Campo da Chao, s/nº

FERROL

Teléfono: 981/320.853

4. SISTEMA DE COMPETICIÓN

- **Competición por equipos.** Utilizarase o sistema "Corbillón", composto por 5 partidos cada encontro (4 individuais e 1 dobre), que se deberán xogar ata que un dos equipos gañe tres partidos do encontro., segundo o seguinte esquema:

	Equipo A		Equipo X
1	Xogador A	contra	Xogador X
2	Xogador B	contra	Xogador Y
3	Dobres	contra	Dobres
4	Xogador A	contra	Xogador Y
5	Xogador B	contra	Xogador X

5. OUTRAS NORMAS

Aplicaranse as *Normas técnicas de Tenis de Mesa da Competición deportiva en idade escolar*. Todos os aspectos non recollidos nesta normativa serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Tenis de Mesa.

Os xogadores e xogadoras deberán acudir con roupa (camiseta/polo e pantalón curto) e calzado deportivo, sendo da mesma cor as camisetas ou polos ao xogar na modalidade de equipos).

6. TRANSPORTE

O transporte será organizado polo Servizo Provincial, no caso de necesitalo deberán solicitalo por correo electrónico al: sdbus.co@hotmail.es, antes das 14 horas do **mércores 13/05/2015**, indicando nome do club, concello, lugar de saída, hora de saída, total prazas (deportistas+adestrador), nome e móvil do responsable do club.

7. XANTAR

Non haberá xantar colectivo, e será cada un pola súa conta.

8.- TROFEOS

Entregarase Tofeos e medallas aos 3 primeiros clasificados de cada categoría, ao final do campionato na mesma pista

9.- CENTROS DE ASISTENCIA SANITARIA

En caso de lesión ou accidente deportivo, deberán presentar no centro de asistencia o parte de accidentes debidamente cumprimentado de SegurCaixa ADESLAS, que poderán sacar na páxina Web de Xogade www.deporteescolargalego.com, e acudir a un dos seguintes centros médicos:

³⁵/₁₇ Hospital Juan Cardona
C/Pardo Bazán, s/nº
Tel: 981/12.500
FERROL